

O comercio exterior de Galicia en 2007 e a política de internacionalización empresarial

Fernando Bruna


Introdución: Comercio exterior galego co mundo e coas outras CCAA

Non se poden interpretar axeitadamente os datos do comercio galego co mundo se non se contextualizan cos datos de comercio de Galicia co resto do Estado español. E dado que non hai estatísticas oficiais sobre estes últimos, as análises das cifras de comercio exterior galego poden caer en interpretacións incorrectas.

Tratando de cubrir esta carencia, o Servizo de Estudos Económicos da Fundación das Caixas de Aforros (FUNCAS) realiza unha estimación do comercio intraespañol de cada Comunidade Autónoma, mentres que C-intereg fai outras baseadas nunha metodoloxía distinta. Comparando estas estimacións no caso de Galicia, a conclusión é que non sabemos cal é a situación. Partindo de datos comparables para o ano 2005, FUNCAS estima que o déficit total de Galicia en comercio de bens e servizos é de máis de 10 mil millóns de euros. Contrariamente, C-intereg estima que, nese ano, o saldo comercial de bens, sen incluír servizos, é positivo, de case 3 mil millóns de euros. Poderíase concluír, entón, que Galicia tivo no 2005 un déficit comercial coas outras CCAA en servizos de 13 mil millóns. Pero o problema seica é máis ben metodolóxico, en función das fontes de información (táboas input-output, equisa industrial...) e da abordaxe técnica do cálculo e detalle sectorial (especialmente o enerxético), que si ofrece C-intereg e non FUNCAS, se ben FUNCAS inclúe servizos e C-intereg, polo de agora, non. En conclusión, actualmente non estamos seguros do saldo de Galicia coas outras CCAA, o que é un campo de investigación da máxima prioridade.

Seguindo as cifras de FUNCAS, algunhas CCAA que presentan maior déficit co mundo, como Madrid ou Cataluña, teñen superávit cando se contabilizan os seus saldos con España, pero non así as Comunidades máis atrasadas economicamente, como Galicia, Andalucía ou Estremadura. E ademais, o déficit exterior total de Galicia ten aumentado nos últimos anos. Por tanto, estas estimacións introducirían un matiz clave á hora de interpretar as cifras de exportación e déficit comercial de Galicia, ao revelar un posible deficiente nivel de competitividade, e ademais crecente, tamén con respecto ao mercado español⁽¹⁾.

(1) En realidade esta interpretación non é clara. Existe unha correlación negativa entre saldos fiscais e saldos comerciais. As CCAA que aportan ao Estado central máis ingresos que gastos tenden a aportar capacidade de compra ás CCAA con saldos fiscais negativos. Por tanto, as CCAA máis ricas compensan o seu esforzo fiscal atopando mercados para os seus produtos na demanda das CCAA menos desenvolvidas. Esta relación supón unha recompensa económica para a solidariedade interterritorial das CCAA que son contribuintes fiscais netas, aspecto que frecuentemente non se ten en conta no debate sobre balanzas fiscais das CCAA. En todo caso, as distintas estimacións da magnitude da balanza fiscal positiva de Galicia co Estado distan moito da estimación de FUNCAS sobre a magnitude do déficit comercial galego co resto das CCAA.



Dende o punto de vista do Estado, a expresión “comercio exterior de España” non é ambigua, aínda que España pertenza á unión alfandegueira. Pero si o é cando descendemos ao ámbito das CCAA e, como vemos, esa ambigüidade pode levar a interpretacións sesgadas. A análise dos fluxos comerciais entre CCAA é tanto máis relevante canto que todas elas pertencen á unión europea de alfândegas polo que non debería haber distinción estatística tan clara como hai entre “exportacións” de Galicia a Asturias ou a Portugal. Tecnicamente xa non se fala de exportacións á Unión Europea se non de expedicións intracomunitarias e a diferenza destas coas “expedicións” a outras Comunidades Autónomas radica en que a Axencia Tributaria recibe notificación informativa das primeiras e non das segundas. Por tanto, aínda que podan existir diferenzas culturais e históricas, non hai razón conceptual para distinguir os dous tipos de comercio exterior galego, só estatística: un sería comercio coas outras CCAA e o outro comercio co resto da Unión Europea e co resto do mundo.

En todo caso, xa que o presente artigo analiza o peche provisional dos datos de comercio exterior de bens publicados polo Ministerio de Industria, limitarémonos a usar o termo “comercio exterior” para o que en realidade é o comercio extraespañol de Galicia. Polas mesmas razóns de simplicidade tamén manteremos o vocabulario tradicional de exportacións e importacións⁽²⁾. Comeza a análise ofrecendo unha panorámica de conxunto e provincial sobre o comercio exterior de Galicia no ano 2007, para pasar despois a estudar o detalle por tipos de produtos, facendo especial fincapé a continuación no de vehículos, buques e maquinaria. Remátase cunha síntese sobre saldos comerciais por produto e área xeográfica, así como cunhas breves conclusións para a política de internacionalización empresarial, a engadir ás recomendacións que temos exposto con máis profundidade noutros sitios⁽³⁾.

(2) Por tanto, por “exportacións” e “importacións” referímonos tanto ao comercio exterior extra-comunitario como aos fluxos coa UE, os cales tecnicamente denominanse “expedicións” e “introducións” debido á unión alfandegueira.

(3) BRUNA, Fernando (2005): *Galicia Cara ao Mundo. Proposta de elaboración concertada da Estratexia Galega de Internacionalización, Cooperación e Competitividade Empresarial*, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi). BRUNA, Fernando (2006): *Diagnóstico e proposta estratéxica sobre promoción comercial internacional de Galicia, Plan FOEXGA*, Igadi, Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia.

Panorama de conxunto e provincial sobre o comercio exterior 2007

O único saldo exterior positivo que tivo Galicia dende hai dez anos foi en 2002. Dende entón, como indica o gráfico 1, o valor en euros das importacións nominais (a prezos de cada ano) sempre creceu por riba do das exportacións, agás en 2006 e 2007.

Remata o ano 2007 cun crecemento do 9,5% das exportacións galegas e un 6% das importacións, o que permitiu reducir o déficit comercial dende os mil millóns de euros de 2006 a 576 millóns en 2007 (táboa 1). Pero este dato agregado, se ben é significativo, pode levar a engano. O crecemento das exportacións débese fundamentalmente ao excelente comportamento das exportacións de vehículos (41% do total en 2007), que creceron un 34%. O resto das exportacións descende un 3%. E esta cifra pode tamén levar a confusión. A caída das exportacións, agás vehículos, débese á diminución nun 49% das exportacións de barcos e embarcacións (5% do total de exportacións en 2007), como se analizará posteriormente, e á redución nun 4% das exportacións de combustibles (3% do total). Pero as exportacións galegas agás vehículos, barcos e combustibles, que supuxeron un 51% do total en 2007, creceron un modesto 6,4%, moi por debaixo do 17% de media do período 2004-2006.

Táboa 1

Fluxos comerciais totais de Galicia co exterior no 2007

Fluxo	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Millóns de Euros (1)					
Exportacións	15.999,6	5.704,3	463,3	590,8	9.241,1
Importacións	16.575,6	7.670,6	764,2	392,8	7.747,9
Saldo	-576,0	-1.966,3	-300,9	198,0	1.493,2
Cobertura	96,5	74,4	60,6	150,4	119,3
2007/2006 (2)					
Exportacións	9,5	-7,0	17,3	7,7	22,6
Importacións	6,0	0,6	19,0	29,8	9,6
Saldo	451,8	-474,3	-53,5	-47,9	1.027,5
Cobertura	3,1	-6,1	-0,8	-30,9	12,7

(1) A taxa de cobertura (exportacións/importacións) en porcentaxe.

(2) Porcentaxe de crecemento para exportacións e importacións. Diferenzas absolutas para saldo (millóns de euros) e cobertura (puntos porcentuais).

Fonte: Consultores Asesores Netglobal con datos de DataComex.

Algo similar acontece coas importacións, xa que as de vehículos creceron un 12%, ata acadar un 22% do total. Se as eliminamos, temos un crecemento do 4,5% para o resto das importacións. Pero descontando tamén as importacións de combustible (16% do total), que caeron un 3%, e as de barcos (4,5% no total), que caeron un 30%, temos que o 53% restante das importacións medrou un 11% no ano 2007, case o dobre que o seu análogo de exportacións.

Así pois, o déficit comercial exterior de Galicia en 2007 exceptuando vehículos, combustibles e barcos aumentou de 963 millóns de euros en 2006 a 1.400

Táboa 2
Fluxos comerciais totais de Galicia co exterior no 2007 agás vehículos, prendas de vestir, peixe, combustibles e barcos

Fluxo	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Millóns de Euros (1)					
Exportacións	5.338,3	2.598,3	447,2	487,7	1.805,1
Importacións	6.601,5	2.943,9	630,6	302,2	2.724,6
Saldo	-1.263,2	-345,6	-183,5	185,4	-919,5
Cobertura	80,9	74,4	60,6	150,4	119,3
2007/2006 (2)					
Exportacións	8,1	5,7	18,5	7,9	9,3
Importacións	13,6	10,0	24,5	40,4	12,9
Saldo	-391,6	-129,1	-54,2	-51,2	-157,1
Cobertura	-4,1	-3,6	-3,6	-48,6	-2,2

(1) A taxa de cobertura (exportacións/importacións) en porcentaxe.

(2) Porcentaxe de crecemento para exportacións e importacións. Diferenzas absolutas para saldo (millóns de euros) e cobertura (puntos porcentuais).

Fonte: Consultores Asesores Netglobal con datos de DataComex.

millóns en 2007. A táboa 2 amosa isto mesmo pero dun xeito aínda máis restrictivo, cunha óptica máis relevante para o obxectivo de política económica de diversificar exportacións. Nela, ademais dos produtos citados, extraense dos totais outros dous principais tipos de produtos de comercio exterior galego: prendas de vestir e peixe, crustáceos e moluscos⁽⁴⁾. As exportacións de prendas de vestir supuxeron no 2007 case un 12% do total, pero medraron un escaso 2,3%. En cambio tiveron un crecemento das importacións do 13%, chegando a ter una cota do 8,8% no total de importacións. Pola súa banda, as exportacións de peixe (6% do total), aumentaron un 5,6%, mentres que as importacións (9% do total), caeron case un 2%.

Polo tanto, esta táboa 2 amosa unha perspectiva do comercio exterior galego sen algunhas das principais partidas de bens, para un conxunto de produtos que supuxo o 33% das exportacións e o 40% das importacións en 2007. Este resto tivo unha taxa de cobertura de tan só o 81%, xerando un déficit de case 1.300 millóns de euros, 400 millóns maior que o de 2006.

A distribución provincial deste comercio revela detalles adicionais. No total das exportacións de 2007, Pontevedra supón un 58% porque acumula un 99% das exportacións galegas de vehículos e un 80% das de peixe, mentres que A Coruña supón un 36% debido a acumular un 96% das exportacións galegas de prendas de vestir, un 88% dos barcos e un 97% dos combustibles. En canto ás importacións, tanto Pontevedra como A Coruña supoñen en torno ao 46% do total en 2007, a primeira por acumular o 97% das importacións galegas de vehículos e o 81% de peixe, mentres A Coruña por acumular o 97% dos combustibles, o 89% das prendas de vestir e o 88% dos barcos.

(4) Seguiuise un criterio subxectivo para a exclusión de produtos, e non necesariamente son os de maior participación en cada fluxo comercial en 2007: fundición, ferro e aceiro supuxo un 7% das importacións galegas, participación superior á de barcos neste fluxo, mentres que aparellos e material eléctrico foi un 4,5% das exportacións, cota superior á de combustibles.


No resto dos fluxos comerciais recollidos na táboa 2, Pontevedra e A Coruña seguen tendo marcado protagonismo, se ben a participación de Lugo e Ourense suma xa case un 18% do resto das exportacións galegas e un 14% das importacións. O relevante é que a meirande parte das exportacións e importacións de Lugo e Ourense (entre o 77% e o 97% de cada fluxo) pertence ás categorías de produtos excluídos da táboa 2, é dicir, na maioría non son vehículos, roupa, peixe, combustibles ou barcos. Por tanto, unha aposta priorizada pola diversificación das exportacións galegas podería ser tamén unha aposta polo comercio exterior de Lugo e Ourense. En conxunto, un 37% das exportacións de Ourense son manufacturas de pedra, un 10% vehículos, e un 9% carnes e miúdos comestibles, sendo tamén relevantes prendas de vestir, madeira e as súas manufacturas e máquinas e aparellos mecánicos (5-6% das exportacións ourensáns en cada un destes grupos de produtos). Pola súa banda, as exportacións da provincia de Lugo céntranse nun 32% en produtos químicos inorgánicos, destacando tamén aparellos e material eléctrico (13%) e tanto madeiras e as súas manufacturas como leite, produtos lácteos e ovos (11% cada un).

Evolución dos principais produtos do comercio exterior

A continuación analizaremos a dinámica da participación dos principais produtos no total das exportacións e importacións galegas a prezos correntes durante os últimos dez anos. Con esta perspectiva histórica, centraremos a atención na conxuntura do ano 2007 a través das contribucións de cada tipo de produto ao crecemento total das exportacións e importacións durante o pasado ano. Estas contribucións permiten avaliar simultaneamente tanto o peso de cada tipo de produto no total como o seu dinamismo en 2007⁽⁵⁾.

No ámbito das participacións de cada produto nas exportacións galegas, como indica o gráfico 2, destaca que a participación dos vehículos no total das exportacións galegas recupérase en 2007, tras unha sostida redución dende 2002, debido fundamentalmente ao exitoso inicio dun novo ciclo de vida do produto na factoría viguesa de PSA-Peugeot-Citroën, unha vez que o ciclo anterior se esgotara. Un modesto crecemento do 2,3% nas exportacións de prendas de vestir en 2007 fai que a cota das prendas de vestir nas exportacións galegas se reduza por primeira vez tras seis anos de crecemento sostido, situándose no 11,8% (6,8% en 1998). A participación de peixe, crustáceos e moluscos continúa o seu descenso ata o 6%, dende o 9% de 1998. E a de barcos corríxese en 2007 tras o forte crecemento de 2005, mentres que a de combustibles mantense estable entre o 2 e o 3%. Os aparellos e material eléctrico aumentan a súa participación nas exportacións galegas dende o 1,8% en 1998 ata o 4,5% en 2007. Pola contra, as con-

(5) A contribución ao crecemento de cada produto é o resultado de multiplicar a participación do mesmo no total 2006 polo crecemento 2006-2007 do fluxo dese produto (export. ou import.), de xeito que a contribución ao crecemento do 100 % de produtos coincide coa taxa de crecemento do total para ese fluxo.



servas de carne ou peixe, que non figuran no gráfico, a reducen dende o 4,6% de 1998 ao 2,4 de 2007, igual que as manufacturas de pedra, que pasan de supoñer un 4,4% das exportacións hai dez anos a un 2,1% en 2007. En calquera caso, as exportacións galegas seguen estando moi concentradas: vehículos, prendas de vestir e peixe totalizan un 60% das mesmas.

Pasando á dinámica conxuntural das exportacións en 2007, as cifras de contribucións ao crecemento por tipos de produtos amosan unha perspectiva algo diferente sobre a importancia de cada tipo de produto. É certo que o crecemento das exportacións galegas o pasado ano debeuse fundamentalmente ao crecemento das exportacións de vehículos, xa que aportaron 11,5 puntos á taxa de crecemento do total, acadando os vehículos unha participación do 41% nas exportacións galegas (táboa 3). Pero, o resto dos produtos excluídos da táboa 2 non realizan contribucións positivas moi relevantes ao crecemento das exportacións. Tivo lugar un modesto crecemento do 5,5% nas exportacións de peixe e de prendas de vestir non de punto (as de punto estancáronse), mentres que foi negativa a contribución ao crecemento de combustibles (-0,1) e barcos (-5,2). Contrariamente, a contribución de aparellos e material eléctrico ao crecemento das exportacións foi de case un punto, mentres que a contribución de fundición, ferro e aceiro foi de 0,6 puntos (0,85 incluíndo as súas manufacturas), chegando a unha cota do 1,5% do total de exportacións (2,3% coas súas manufacturas).


Pola banda das importacións, o gráfico 3 amosa que non existe unha concentración tan importante nos vehículos como no caso das exportacións, se ben segue sendo a principal partida de importación e repunta tamén en 2007, ata o 21,8%. Aos vehículos séguenlle en magnitude as importacións de combustibles, con participacións durante os últimos anos en torno ao 15-17%. A cota de peixe continúa o seu descenso dende o 17% en 1998 ata o 9% en 2007, mentres que a de prendas de vestir continúa elevándose dende o 3,8% de 1998 ao 8,8 de 2008. É tamén ascendente a participación dos produtos de fundición, ferro e aceiro, que chegan xa a supoñer en 2007 o 7% das importacións. O gráfico 2 amosa tamén o pico en 2005 da participación do sector naval nas importacións galegas.

Táboa 3

Principais 27 produtos segundo a súa contribución ao crecemento das exportacións galegas en 2007

Produtos de exportación	Miles €	% s. total	Creecemento 06-07 (%)	Contribución crecemento
Total	15.999.586	100,00	9,50	9,50
Vehículos automóbiles, tractores	6.603.980	41,28	34,01	11,47
Aparellos e material eléctricos	725.132	4,53	24,87	0,99
Fundición, ferro e aceiro	237.805	1,49	60,14	0,61
Leite, produtos lácteos, ovos	118.432	0,74	82,08	0,37
Peixe, crustáceos, moluscos	954.761	5,97	5,58	0,35
Prendas de vestir, de punto	733.589	4,59	5,50	0,26
Conservas de carne ou peixe	382.615	2,39	10,96	0,26
Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	132.826	0,83	37,69	0,25
Produtos farmacéuticos	139.377	0,87	32,86	0,24
Aluminio e as súas manufacturas	284.070	1,78	12,57	0,22
Máquinas e aparellos mecánicos	282.191	1,76	9,73	0,17
Calzado, as súas partes	199.457	1,25	13,84	0,17
Pasta de madeira, papel reciclaxe	207.524	1,30	12,89	0,16
Algodón	101.263	0,63	18,47	0,11
Madeira e as súas manufacturas	358.062	2,24	3,93	0,09
Outros produtos químicos	38.861	0,24	52,56	0,09
Papel, cartón e manufacturas	110.049	0,69	13,73	0,09
Fibras sintéticas/artificiais descontinuas	36.199	0,23	46,55	0,08
Manufacturas de coiro, marroquinería	63.463	0,40	19,13	0,07
Mobles, cadeiras, lámpadas	92.061	0,58	11,91	0,07
Cereais	13.114	0,08	282,54	0,07
Artigos téxtil-fogar, prendería	28.271	0,18	45,20	0,06
Carne e miúdos comestibles	169.541	1,06	5,30	0,06
Manufacturas diversas de metais	31.956	0,20	36,02	0,06
Residuos industria alimentaria	34.170	0,21	30,17	0,05
Manufacturas de pedra, xeso	328.042	2,05	2,33	0,05
Sal, xeso, pedras sen traballar	76.746	0,48	10,23	0,05
Resto	3.516.028	21,98	-22,53	-7,00

Fonte: Consultores Asesores Netglobal con datos de DataComex.




Táboa 4

Principais 27 produtos segundo a súa contribución ao crecemento das importacións galegas en 2007

Produtos de importación	Miles €	% s. total	Creecemento 06-07 (%)	Contribución crecemento
Total	16.575.560	100,00	5,99	5,99
Vehículos automóviles, tractores	3.608.069	21,77	12,37	2,54
Fundición, ferro e aceiro	1.163.120	7,02	27,45	1,60
Prendas de vestir, non de punto	909.817	5,49	21,59	1,03
Aparellos e material eléctricos	535.687	3,23	34,51	0,88
Mobles, cadeiras, lámpadas	194.541	1,17	107,48	0,64
Aluminio e as súas manufacturas	386.725	2,33	15,83	0,34
Madeira e as súas manufacturas	431.049	2,60	12,09	0,30
Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	194.984	1,18	29,02	0,28
Outros produtos químicos	116.293	0,70	43,87	0,23
Conservas de carne ou peixe	255.742	1,54	12,12	0,18
Papel, cartón e manufacturas	170.064	1,03	16,79	0,16
Vidro e as súas manufacturas	51.674	0,31	60,37	0,12
Materias plásticas, as súas manufacturas	256.671	1,55	7,33	0,11
Froitas/froitos, sen conservar	51.192	0,31	48,16	0,11
Caucho e as súas manufacturas	63.174	0,38	33,39	0,10
Minerais, escouras e cinzas	146.335	0,88	9,31	0,08
Artigos téxtil-fogar, prendería	53.989	0,33	27,57	0,07
Residuos industria alimentaria	87.781	0,53	15,30	0,07
Produtos químicos orgánicos	91.055	0,55	14,24	0,07
Abonos	48.985	0,30	29,40	0,07
Prendas de vestir, de punto	546.229	3,30	2,03	0,07
Cereais	151.716	0,92	7,20	0,07
Manufacturas de pedra, xeso	72.852	0,44	13,62	0,06
Leite, produtos lácteos, ovos	48.621	0,29	21,12	0,05
Sal, xeso, pedras sen traballar	97.219	0,59	9,09	0,05
Graxas, aceite animal ou vexetal	25.419	0,15	25,21	0,03
Xoguetes, xogos, artigos deporte	20.684	0,12	28,77	0,03
Resto	6.795.871	41,00	-7,18	-3,36

Fonte: Consultores Asesores Netglobal con datos de DataComex.



Nos datos das contribucións de cada produto ao crecemento das importacións en 2007 destaca que os vehículos contribuíron con 2,5 puntos ao 6% de crecemento total das importacións galegas, e as prendas de vestir cun 1% (táboa 4). Pero o peixe reduciu a taxa de crecemento das importacións galegas en -0,2 puntos, os combustibles en -0,5 e os barcos en -2 puntos porcentuais. Pola contra, a fundición, ferro e aceiro contribuíu con 1,6 puntos porcentuais á taxa de crecemento das importacións, os aparellos e material eléctrico con 0,9 e os mobles con 0,6 puntos.

O comercio de vehículos, barcos e maquinaria

Entre todos os produtos citados destacaremos agora os de tres sectores industriais clave que poden ser indicadores de competitividade: o do transporte por estrada, o naval e o de maquinaria.

O papel central dos vehículos nas exportacións galegas fai que os datos agregados de exportacións non sexan representativos da actividade exportadora do tecido empresarial galego. Pero é precisamente ese papel central o que confire a este sector galego un carácter estratéxico para o conxunto do Estado español, non só para Galicia ou a área metropolitana de Vigo, como se amosa a continuación. O gráfico 4 emprega unha clasificación sectorial, diferente á clasificación TARIC de produtos utilizada ata agora, para comparar o saldo comercial durante os últimos anos de Galicia e do resto do Estado español en sectores relacionados co transporte por estrada. Como se observa, o saldo comercial positivo de vehículos e motos empeza a descender no resto de España a partires de 2004, ata chegar a un déficit de 5.550 millóns de euros en 2007, mentres que en Galicia consegue manterse e chegar aos 4.300 millóns de euros de superávit en 2007. En vehículos de transporte de mercadorías por estrada, o superávit comercial de Galicia é de 880.000 euros, superior ao do resto do conxunto español. E o déficit comercial galego en compoñentes do automóbil é menor e máis estable que o deste subsector no resto de España. En conxunto, en 2007 os tres subsectores agora analizados totalizan un superávit exterior de 3.000 millóns de euros en Galicia e un déficit de case 10.000 millóns no resto de España. Se a estes datos engadimos a alta capacidade tecnolóxica destes subsectores, e o seu potencial de derrame de coñecemento ao conxunto do tecido produtivo, non cabe dúbida de que o sector galego de vehículos debe ser atendido co máximo esmero polos planificadores económicos galegos e do conxunto do Estado.

En canto ao sector naval, é de destacar que, como se dixo, as exportacións de barcos e embarcacións galegos caeron no 2007 un 49% respecto ao 2006, restando máis de 5 puntos completos á taxa de crecemento do total das exportacións. Estas exportacións tiveron orixe na provincia de A Coruña nun 88% e un 70% das mesmas tivo como destino tan só catro países: Bahamas, Noruega, Alxeria ou Panamá. Pola súa banda, as importacións de barcos e embarcacións (7% do total de importacións) caeron tamén, un 29%, restando dous puntos á taxa de crecemento total das impor-

tacións. Con todo, estas cifras non han de resultar preocupantes. O comercio exterior de barcos e embarcacións é moi sensible a operacións concretas, tales como as vendas de transatlánticos e transbordadores, que foron nulas no 2007, fronte a 837 millóns de euros en vendas durante o 2005 e 532 millóns no 2006, aínda que foran nulas tamén antes do 2005. Por outra banda, as exportacións de barcos de mercadorías caeron tamén un 23% en 2007, pero tras aumentar case un 500% en 2005 con respecto a 2004 e un 225% en 2006. Analogamente, as importacións de barcos e embarcacións caeron un 29% en 2007 e outro tanto en 2006, pero en 2005 medraran case un 5.000%! En resumo, o sector naval representa no 2007 un 5% das exportacións galegas, en lugar dun 10% como nos dous anos previos, e un 4,5% das importacións, pero continúa sendo un dos sectores galegos máis prometedores para os próximos anos. E este importante papel é así tamén considerando o conxunto do Estado español: o saldo exterior de buques en Galicia foi en 2007 de 50 millóns de euros (tras ser de 500 millóns en 2006), mentres que para o resto de España foi de 158 millóns.

Pola súa banda, o sector de aparellos e material eléctrico tivo un crecemento das súas exportacións do 25%, un 81% das mesmas con orixe en A Coruña, ata acadar xa un 4,5% das exportacións galegas. O 64% destas exportacións en 2007 foron partes de motores ou xeradores eléctricos ou de grupos electrógenos, se ben porque tiveron un crecemento do 880%, xa que a metade das exportacións de aparellos e material eléctrico eran, en 2006, outras partes de aparellos eléctricos con función propia. Un 17% das exportacións son electrodos para fornos eléctricos. En canto ás importacións, tiveron un crecemento superior ao das exportacións, un 34%, destacando nelas as partes de motores e xeradores eléctricos (52%) e os fíos, cables e demais condutores (9%). Aínda así, o saldo comercial de aparellos e material eléctrico foi positivo, de 189 millóns de euros.

En canto aos produtos de maquinaria e aparellos mecánicos, as exportacións tiveron un crecemento máis modesto que no caso de maquinaria eléctrica, do 9,7%, con orixe nun 64% na provincia de Pontevedra, chegando a acadar una participación do 1,8% no total de exportacións. Estas exportacións están máis diversificadas, destacando as árbores de transmisión (15%). As importacións, que caeron un 1,4%, tamén están diversificadas, destacando as ferramentas pneumáticas de uso manual (7%), se ben en 2006 o capítulo fundamental das importacións era o de turborreactores e demais turbinas de gas (11%). En 2007, Galicia tivo un déficit comercial de maquinarias e aparellos eléctricos de 250 millóns de euros.

En síntese, o sector de vehículos é crucial para a economía de Galicia pero, con toda a súa importancia, non é o único que debe ser atendido con esmero nunha política económica con prioridades sectoriais. Facendo un balance 2006-2007, pódese afirmar que os sectores naval e de maquinaria supoñen xa ao redor dun 10-15% das exportacións galegas. Ademais, os aparellos eléctricos e mecánicos supoñen un 14% das exportacións de Lugo e un 6% das de Ourense, co que o desenvolvemento destas industrias contribúe a reducir o desequilibrio territorial. Aínda que é certo

Táboa 5

Saldos comerciais externos de Galicia superiores a 100 millóns de € no 2007, por produtos (déficit total = - 576 millóns de €)

Superávit comercial		Déficit comercial	
Produtos	Mill. €	Produtos	Mill. €
Vehículos automóbiles, tractores	2.996	Mobles, cadeiras, lámpadas	-102
Manufacturas de pedra, xeso	255	Aluminio e as súas manufacturas	-103
Prendas de vestir, non de punto	247	Materias plásticas, súas manufacturas	-129
Pasta de madeira, papel reciclado	198	Cereais	-139
Aparellos e material eléctricos	189	Minerais, escouras e cinzas	-146
Prendas de vestir, de punto	187	Máquinas e aparellos mecánicos	-251
Calzado, a súas partes	164	Produtos farmacéuticos	-256
Produtos químicos inorgánicos	159	Peixes, crustáceos, moluscos	-574
Carne e miúdos comestibles	155	Fundición, ferro e aceiro	-925
Conservas de carne ou peixe	127	Combustibles, aceites minerais	-2.219

Fonte: Consultores Asesores Netglobal con datos de DataComex.

que máis da metade das exportacións galegas continúan sendo coches, prendas de vestir e peixe, o sector naval e o de maquinaria eléctrica e mecánica amosan un dinamismo e competitividade que debe ser fomentado polas autoridades.

Saldos comerciais por produtos e zonas xeográficas

Unha aproximación agora ao comercio exterior de Galicia en base aos saldos comerciais por tipos de produtos permite redimensionar o papel que xogan algúns dos tipos de produto que non tiñamos analizado antes. Fixándonos só na columna de superávits comerciais da táboa 5 pódense destacar as manufacturas de pedra (con máis do dobre de saldo en pizarra ca en granito), a pasta química de madeira, o calzado, os produtos químicos inorgánicos (óxido e hidróxido de aluminio), a carne (tenreira, porco e polo, nesa orde), e as conservas (especialmente atún).

Examinando agora os saldos comerciais dende unha perspectiva xeográfica, o máis destacado de 2007 pode ser que China pasa a ocupar o posto de país co que Galicia mantén un maior déficit comercial, 562 millóns de euros, cifra equivalente ao déficit comercial total de Galicia co mundo. En 2006, China ocupaba a terceira posición nesta escala, tras Libia e México, países estes dos que se importa combustible. Despois de China, os países cos que Galicia mantén un déficit comercial superior a 100 millóns de euros en 2007 son, por orde decrecente: Alemaña, México, Noruega, Rusia, Libia, Arxentina, Suecia, Brasil, Indonesia, Namibia, Turquía, Reino Unido, Guinea e Mozambique. O déficit comercial de Galicia con Asia, África e América Latina está en torno aos mil millóns de euros con cada unha destas áreas.

Contrariamente, Galicia presenta en 2007 un superávit comercial superior a 100 millóns de euros só con Francia, Estados Unidos, Grecia, Portugal e Países Baixos, por esta orde. O superávit comercial con Francia, de 2.713 millóns de euros,

é especial, xa que se debe fundamentalmente a que parte das exportacións galegas de vehículos se canalizan a través de Francia para a súa posterior redistribución internacional. De feito, as exportacións a Francia creceron un 29% en 2007, o que fundamentalmente explica que as exportacións á UE-25 crecieran un 18%. É de destacar que entre os países cos que Galicia ten un superávit comercial superior a 20 millóns de euros hai catro de Oriente Próximo e Medio (Emiratos Árabes Unidos, Israel, Arabia Saudita e Kuwait) e dous de Asia (Hong-Kong e Singapur). Tamén están Croacia, Eslovenia, Romanía e Lituania, mentres que con entre 10 e 20 millóns de euros de superávit galego, figuran Letonia, Estonia, Hungría e Polonia.

Como en anos previos, o comercio exterior galego é fundamentalmente intraeuropeo: o 75% das exportacións galegas de 2007 e o 56% das importacións é con países da UE-25, porcentaxes que acadan o 80% e o 66% respectivamente se consideramos o conxunto do continente europeo. Xa que estamos vivindo un proceso de apreciación do euro con respecto ao dólar, convén analizar os seus posibles efectos no comercio galego extraeuropeo. Para os axentes e analistas que perciben a apreciación do euro/dólar nun 25% dende xaneiro de 2006 a decembro de 2007, o impacto no comercio exterior habería de ser moi significativo. Pero, en realidade, na media anual, o prezo do dólar en euros incrementouse un 9% durante o 2007 con respecto ao 2006, que non é unha magnitude elevada, se ben é posible tamén que a tendencia estable desta apreciación do euro inducise cambios comerciais adicionais. Pois ben, os datos que se amosan a continuación confirman o escaso efecto en 2007 desta apreciación do euro no comercio galego por zonas mundiais, o que apunta á presenza doutros factores explicativos diferentes do prezo, como é de agardar tamén cando os fluxos comerciais son de menor volume e, por tanto, máis sensibles a circunstancias que afectan a produtos específicos.

En principio, a evolución da divisa europea prexudicaría as exportacións a Estados Unidos e favorecería as importacións dende este país, pero as primeiras creceron un 10% e as segundas caeron un 52%. O posible impacto da apreciación do euro resulta máis consistente no caso de Canadá, cunha notable caída das exportacións e aumento das importacións, pero non no de México, país co que houbo un aumento das exportacións e das importacións nominais. No caso das exportacións a América do Sur (1,9% do total galego) aumentan un 49%, fundamentalmente polo pulo de Chile, Arxentina e Brasil, mentres que as importacións dende esta zona (5,6% do total galego) redúcense un 6%. E no de África, as exportacións (un 4,6% xa do total galego) aumentan un 9% e as importacións (10,2% do total) redúcense un 5%. Así pois, a única evolución dos fluxos comerciais galegos por grandes áreas xeográficas consistente coa apreciación do euro con respecto ao dólar é a dos fluxos con Asia: as exportacións a este continente descendieron un 6%, tendo agora unha participación do 3,8% no total galego, e as importacións aumentaron un 19%, ata supoñer un 9% do total. De feito, as exportacións a fóra da UE-25 redúcense un 8%, pero fundamentalmente debido á caída das exportacións (navais) aos paraísos fiscais de América Central, mentres que as importacións dende fóra da




Gráfico 5

Participación nas exportacións galegas dos principais países de destino en 2007 (%).




Gráfico 6

Participación nas importacións galegas dos principais países de orixe en 2007 (%).

UE-25 caeron lixeiramente debido ao descenso das importacións con orixe en Estados Unidos.

Resta apuntar unhas breves notas sobre o detalle dos fluxos comerciais por países. O gráfico 5 recolle os principais destinos das exportacións galegas en 2007. En termos dinámicos, ademais do caso de Francia, as maiores contribucións ao crecemento das exportacións galegas realízanse os fluxos cara os seguintes países: Portugal, Marrocos, Estados Unidos, Alxeria, Italia, Malaisia, Bélxica, Antiga e Barbuda, Países Baixos, Irlanda e Polonia.

Por último, pola banda dos fluxos comerciais cara a Galicia, o gráfico 6 recolle os principais países de orixe en 2007. Pola súa contribución ao crecemento das importacións galegas durante o pasado ano, destacan tamén os fluxos provenientes de Francia, aos que lle seguen os de Alemaña, Noruega, Portugal, China, Marrocos, Rusia, Italia, Exipto, Brasil, Polonia, Nixeria e Malaisia.

Resume e recomendacións para a política de fomento da internacionalización

A presente análise cuantitativa non aporta o suficiente detalle produto-país para basear nela o deseño dunha estratexia de fomento da internacionalización empresarial en Galicia. Pero si induce a reflexións que poden ser de utilidade para establecer prioridades.

Antes de pasar a elas, a xeito de síntese, repasemos algúns dos resultados fundamentais da análise, centrándonos só no eido das exportacións e dos saldos comerciais:

- O déficit externo de Galicia no comercio de bens reduciuse en 2007 á metade dos mil millóns de euros de 2006. Pero se excluimos dos totais o comercio de vehículos, prendas de vestir, peixe, combustibles e barcos, o déficit comercial galego para o resto dos produtos aumenta en 400 millóns de euros, chegando aos 1.300 millóns.

- A isto hai que engadir a incerteza actual sobre o comercio de bens e servizos de Galicia co resto das CCAA, con cálculos dispares, algún dos cales indica un saldo negativo, e crecente durante os últimos anos.

- As exportacións galegas de bens seguen estando moi concentradas: vehículos, prendas de vestir e peixe totalizan un 60% das mesmas. Así pois, deixando aparte estes produtos, os datos anteriores revelan un problema de competitividade no tecido produtivo de Galicia.

- O crecemento das exportacións galegas nun 9,5% en 2007 débese fundamentalmente ao crecemento nun 34% das exportacións de vehículos, que chegan a supoñer un 41% do total de exportacións. Os sectores relacionados co transporte por estrada totalizan un superávit exterior de 3.000 millóns de euros en Galicia durante o 2007 e un déficit de case 10.000 millóns no resto de España, o que confirma o carácter estratéxico da industria galega de vehículos para o conxunto do Estado español.

- Pero, tras os vehículos, algúns dos produtos que máis contribuíron ao crecemento das exportacións en 2007 non foron os que máis peso tiñan tradicionalmente nelas, destacando os casos de aparellos e material eléctrico e de fundición, ferro e aceiro.

- As exportacións galegas de barcos e embarcacións caeron no 2007 un 49% respecto ao 2006, tras os elevados crecementos experimentados nos dous anos previos, sen que iso implique unha redución das expectativas favorables para o sector naval galego, o cal ten un papel estratéxico tamén para o conxunto do Estado.

- Facendo un balance conxunto dos dous últimos anos resulta que os sectores naval e de maquinaria supoñen xa ao redor dun 10-15% das exportacións galegas, sendo sectores que han de recibir a máxima atención por parte da política económica. En 2007, as exportacións de aparellos e material eléctrico crecearon un 25% e as de maquinaria e aparellos mecánicos un 10%. Ademais, os aparellos eléctricos e mecánicos supoñen un 14% das exportacións de Lugo e un 6% das de Ourense, co que o desenvolvemento destas industrias contribúe a reducir o desequilibrio territorial.

- Galicia presenta os maiores superávits comerciais con países como Francia, Estados Unidos, Grecia, Portugal e Países Baixos e con áreas como Oriente Próximo e Medio. Contrariamente, o pasado ano, China converteuse no país co que Galicia presenta maior déficit.

- O 80% das exportacións galegas dirixense ao continente europeo en 2007. As maiores contribucións ao crecemento das exportacións galegas realízanas os fluxos cara os seguintes países: Portugal, Marrocos, Estados Unidos, Alxeria, Italia, Malaisia, Bélxica, Antiga e Barbuda, Países Baixos, Irlanda e Polonia. Son de destacar tamén os crecementos en torno ao 50% das exportacións a Chile, Arxentina e Brasil, así como as destinadas a algúns países de Europa Central e Oriental.

Estes datos permiten reflexionar sobre posibles recomendacións, que agrupamos por obxectivos dunha política galega priorizada de fomento das exportacións,

a cal, en primeiro lugar, debe decidir os esforzos que dedica a cada un destes catro obxectivos, xa que o “café para todos” produce pobres resultados:

1) Aumento do volume de exportacións. Os principais sectores sobre os que hai que incidir para este obxectivo son o de vehículos e o naval. E o apoio a estes sectores pasa por planificar solo industrial e loxístico e axudar á I+D. As autoridades galegas deben tamén facer *lobby* en Madrid e Bruxelas recalcando o carácter estratéxico destes sectores para o conxunto do Estado español.

2) Diversificar produtos de exportación, especialmente en sectores tecnolóxicos. Os sectores a potenciar que poden ser máis aptos para este obxectivo son os de aparellos e material eléctrico e maquinaria e aparellos mecánicos, co beneficio colateral de ser sectores presentes en Lugo e Ourense. Os axentes transmisores das políticas de diversificación haberán de ser as asociacións dos sectores que a autoridade política considere como prioritarios (audiovisual, enerxético...). As asociacións empresariais que podan estar máis preto das PEMES galegas, como as Cámaras de Comercio, xogan o seu papel nunha política máis xeral de diversificación, pero políticas como as do Plan FOEXGA han de permitir que conten con recursos profesionais dabondo para realizar traballo de base e individualizado por empresas.

3) Consolidar mercados tradicionais de destino. Para este obxectivo, o deseño de políticas debe contar cun acentuado enfoque produto-país e a canle máis axeitada é o apoio á capacitación das asociacións dos sectores tradicionais nas exportacións galegas (técnico, peixe, conserva, madeira, pedra, conserva, fundición, calzado ou carne), ao seu deseño de estratexias e á dotación de ferramentas de vixilancia competitiva.

4) Diversificar mercados, potenciando os destinos emerxentes. Para este obxectivo cómpre facer unha forte aposta, bianual ou trianual, por países concretos, con accións estrela, en vez da atomización de esforzos que ocorre hoxe en día. Entre os destinos emerxentes para Galicia, ou con elevado potencial, pódense citar Estados Unidos, China e algúns outros países asiáticos, o Norte de África, Europa Central e Oriental, Oriente Próximo e Medio, Chile, Arxentina ou Brasil. Para levar a cabo este obxectivo, a mellor ferramenta é a coordinación entre os distintos axentes públicos e privados que interveñen no fomento da internacionalización empresarial, cunhas accións que hoxe se caracterizan pola dispersión. Adicionalmente, en vez de duplicar esforzos, os axentes galegos han de tratar de apoiar a participación das empresas galegas nos Plans Integrais de Desenvolvemento de Mercados do ICEX para once países considerados como estratéxicos.

En todo caso, se a cuestión clave é a competitividade da produción galega, as principais políticas económicas han de ser de natureza estrutural e a principal canle para a promoción das exportacións ha de ser o apoio para mellorar a produtividade e non tanto a subvención de accións internacionais.

Fernando Bruna (Consultores Asesores Netglobal, Grupo Netaccede).